

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **14 de febreiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de febreiro de 2019 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xaneiro de 2019, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- CESIÓN Á XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, DO USO DAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE PROVINCIAL DO IES DE VILAMARÍN.

O **vicesecretario** dá lectura á proposta.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pregunta se se contempla algún prazo para denunciar a prórroga da cesión prevista.

O **vicesecretario** contesta que en principio non está previsto o dito prazo polo que se admitiría calquera denuncia durante o prazo de vixencia da cesión.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Ceder, á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de xeito gratuito, o uso do inmovible ubicado na referencia catastral 001600900NH90A0001OQ, denominado IES de Vilamarín, consonte ao seguinte clausulado:

- A cesión de uso non conleva a transmisión da titularidade do ben, que continúa a ser provincial.
- A cesión queda condicionada a que a entidade cesionaria manteña a impartición da formación profesional no dito centro.
- Corresponderá á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a totalidade dos gastos de conservación e mantemento do inmovible, subministracións de servizos, seguros, así como o cumprimento das obrigas legais, o pagamento de tributos e cantas outras establezan as disposicións legais vixentes en cada momento.
- A duración da cesión esténdese por vinte (20) anos, prorrogables por dez (10) anos máis de non mediar denuncia expresa de ningunha das partes.

2º. O incumprimento das condicións ás que se somete esta cesión de uso de uso dará lugar á súa caducidade, e á reversión do uso do inmovible á Deputación Provincial, previa declaración da dita caducidade polo órgano competente e previo expediente contradictorio.

3º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN VELÓDROMO EN OURENSE.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1).

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

4º.A.- SOLICITUDE DO GRUPO SOCIALISTA DE INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA MOCIÓN SOBRE A RETIRADA DE HONRAS, CONDECORACIÓNS E RECOÑECEMENTOS A PERSOAS CONDENADAS POR SENTENZA FIRME

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, indica que no día de hoxe se remitiu un escrito no que se solicita a inclusión na Comisión Informativa de que se trata dunha moción que non foi admitida na Comisión de Transparencia relativa á retirada de honras, condecoracións e recoñecementos a persoas condenadas por sentenza firme, indica que a dita moción haberíase presentado en prazo para ser tratada nesta Comisión.

O **presidente da comisión** indica que ao non estar esta incluída na orde do día unicamente pode tramitarse como asunto de urxencia e, en primeiro lugar, el non considera que existen razóns de urxencia e, en segundo lugar, que esta Comisión non pode desdicir á Comisión que no día de onte decidiu a non inclusión desta moción na orde do día.

Sométese a votación a urxencia do asunto co resultado que é rexeitada co voto favorable do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (6).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pregunta pola situación na que se encontra un expediente relativo á cesión do inmovible da Casa da Maxia de titularidade do Concello de Ourense e se se lle pode adiantar algunha data sobre a apertura desta.

O **presidente da comisión** responde que se lle contestará por escrito.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, solicita información sobre o estado en que se encontra a tramitación do expediente para a apertura do Museo dos Bolechas, Museo da Emigración ou do Museo do Viño, sinala que a dita pregunta é reiterada xa desde hai varios meses polo que insiste que se lle facilite a información requirida.

O **presidente da comisión** responde que dará traslado da pregunta aos servizos competentes para que informen ao respecto.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, reitera a pregunta xa formulada en comisións anteriores relativa ás obras na Biblioteca Provincial.

O **presidente da comisión** indica que se remitirá a información en canto se teña dispoñible.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, reitera a pregunta sobre os criterios para a construción de campos de fútbol de céspede artificial en diferentes concellos da provincia e pregunta pola reunión mantida polo presidente da Deputación Provincial co secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia da que se fixo eco a prensa, e pregunta se a reunión era para acordar a colaboración entre estas dúas administracións para a dita finalidade.

O **presidente da comisión** manifesta que seguramente na dita reunión se tratou a colaboración para mellorar diferentes infraestruturas deportivas existentes na provincia ou para a creación de novas infraestruturas e que a información se lle remitirá por escrito.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, insiste en que se pode pensar que existen criterios políticos á hora de decidir con que concellos se colabora, poñendo como exemplo aos concellos de Amoeiro e Coles onde non existe este tipo de infraestruturas.

O **presidente da comisión** indica que oxalá se puidera abordar no futuro todas as necesidades que existen en infraestruturas deportivas na Provincia.

E, ás 18:19 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.